

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO PARA UNHA PRIMEIRA FASE DE REVISIÓN E POSTA A PUNTO DOS SENDEIROS HOMOLOGADOS NAS PROVINCIAS DE LUGO E CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou Federación Galega de Montañismo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a ATG e a FGM para o desenvolvemento do proxecto dunha primeira fase de revisión e posta a punto dos sendeiros existentes nas provincias de Lugo e A Coruña.

O obxectivo será revisar as 82 sendas, existentes nas provincias de Lugo e A Coruña, das 155 que aparecen no folleto existente, antes do prazo de finalización do presente convenio.

As sendas que sexan deshomologadas desaparecerán do folleto promocional e da páxina web de Turismo de Galicia www.turismo.gal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- A Federación Galega de Montañismo (en adiante FGM) constituíuse o 23 de outubro de 1963 baixo a denominación de "Federación Galaica de Montañismo", pasando a chamarse despois "Federación Gallega de Montañismo" e máis tarde "Federación Galega de Montañismo".

A FGM é unha entidade privada, de utilidade pública, sen ánimo de lucro, que goza de personalidade xurídica, patrimonio propio e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Entre os seus fins está difundir o coñecemento das belezaas naturais que se atopan no ámbito da montaña, prestando o apoio e a colaboración precisas para a construción e conservación de camiños, sendeiros e refuxios, así como a confección de mapas, guías e monografías, tamén a publicación, realización e organización de revistas, películas, conferencias, etc., e, finalmente, a prestación de servizos a persoas físicas que practiquen o deporte ou a educación física, entre as que se encontra o sendeirismo.

A FGM é a encargada de homologar sendeiros nesta comunidade e toma un papel fundamental en calquera dos pasos da creación dun sendeiro na Comunidade Autónoma Galega, dende o seu deseño ata a súa homologación baixo as marcas rexistradas GR®, PR® ou SL®. Conta cun manual de sendeiros e cunha normativa de homologación que definen os pasos a dar por parte de promotores, técnicos de sendeiros e, no seu caso, xuíz/a homologador/a. Un dos servizos prestados, polo tanto, é a revisión de sendas e a publicación de sendeiros co fin de poder garantir o correcto desenvolvemento da actividade física e deportiva das persoas que practiquen esta actividade.

Terceiro.- A ATG publica a guía "Sendas para descubrir un país". Esta guía é un catálogo de referencia de aqueles sendeiros que cumpren as condicións de homologación exixidas pola F.E.D.M.E. (Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada) no ámbito estatal, ou a F.G.M. (Federación Galega de Montañismo) no ámbito autonómico, e que se axustan á normativa internacional.

O primeiro folleto editado por Turismo de Galicia (Turgalicia daquela) sobre sendas homologadas en Galicia foi no ano 1998. Reeditouse nos anos 2005, 2008, 2014 e 2021, engadindo as novas sendas homologadas pola FGM.

O único interlocutor foi sempre a FGM xa que o folleto recolle exclusivamente as sendas homologadas e a FGM é o único ente que ten capacidade de homologar e supervisar sendas en Galicia.

En cada reedición encargouse a unha empresa por adjudicación directa realizar o traballo de campo das novas sendas homologadas. Este traballo incluía a recollida de datos, a redacción de



textos e da información técnica, a reportaxe fotográfica, os perfís altimétricos e a cartografía do percorrido.

Na actualidade Galicia conta con 151 sendas homologadas, que supoñen 1.967,7 km practicables. A ATG ten a intención de reeditar o folleto " Sendas para descubrir un país". Unha vez postos en contacto coa Federación Galega de Montañismo para coñecer a listaxe de novas sendas homologadas dende o ano 2021 para incorporar ao novo folleto, a FGM transmite a súa preocupación polas numerosas queixas de usuarios sobre a mala conservación das sendas xa homologadas e propón que sexa a propia FGM a que realice o traballo de supervisión tanto das novas sendas como de todas aquelas que xa aparecen no folleto da ATG.

Tendo en conta o volume de traballo, faise preciso dividir este traballo por fases en función do número de sendas de cada provincia.

A finalidade deste convenio é realizar inspeccións a todas as sendas homologadas pola FGM nas provincias de Lugo e A Coruña e posteriormente emitir os correspondentes informes e certificacións, así como elaborar as fichas de cada sendeiro que se entregarán a ATG co fin de que as persoas usuarias teñan un coñecemento actualizado do estado das sendas e, deste xeito, garantir o uso das mesmas.

O devandito proxecto artículase nos seguintes compoñentes ou accións:

1- Comunicación cos entes promotores de toda as sendas homologadas de Galicia requirindo a súa posta a punto antes de que a FGM realice a súa auditoría. Unha vez feita e no caso de non corrección das posibles deficiencias, un novo requirimento dará un prazo final para realizar os traballos de posta a punto do percorrido. Se na segunda auditoría as deficiencias non fosen corrixidas, a senda será deshomologada.

2- Para cada senda que manteña a homologación, así como para as novas sendas homologadas, o traballo de campo inclúe:

- Medición de sendas: itinerario principal, derivacións e variantes.
- Recollida de datos técnicos.
- Redacción de textos.
- Realización de reportaxe fotográfica cun mínimo de 10 fotografías por senda que recollan os principais atractivos da mesma.
- Elaboración de cartografía propia.
- Elaboración de perfís altimétricos.



Polo exposto as partes teñen interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas accións obxecto do presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

